



ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA TRAMPOLÍN

OURENSE, 16/01/2025

1. TECNIFICACIÓN 2025.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2025 será de 4.780 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado e acordado polo Comité autonómico:

Antecedentes: Este ano celebrarase o Campionato do Mundo por Idades de Trampolín en Pamplona, no cal teñen previsto participar numerosos ximnastas galegos se acadan a clasificación.

Propostas:

1. Apoiar economicamente aos ximnastas seleccionados para participar no Campionato do Mundo por Idades de Trampolín cos diversos custos derivados da súa asistencia ao mesmo: inscrición, aloxamento, manutención, desprazamento, etc.

A lista definitiva de seleccionados que formarán o equipo nacional publicarase en xullo.

2. Que se sufraguen os gastos de psicólogo e fisioterapeuta dos ximnastas galegos do equipo nacional absoluto que o precisen.

Impartir un curso presencial nutricional de 4 horas teóricas e un taller práctico dirixido aos ximnastas e adestradores no CGTD. Será grabado e o dossier recibido farase chegar aos clubs galegos para que poidan aproveitalo para os seus ximnastas.

Estimamos a metade do presuposto total para o punto 1. e a outra metade para o punto 2.

Xustificación de gastos: Tódolos gastos deberán ser xustificados ca correspondente factura acreditativa do mesmo para poder ser abonados con cargo a tecnificación.

2. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Establécense as datas e sedes das distintas competicións autonómicas da modalidade:

- Campionato Galego Élite e Base: 26 e/ou 27 de abril no polideportivo de A Estrada.

- Campionato Galego Escolar e Máster: 14 ou 15 de xuño no CGTD de Pontevedra.

- Copa Galega Escolar: finais de novembro ou principios de decembro, sede a designar.

Dado que o Airtrack do CGTD retirouse da instalación polo seu propietario, a FGX adquirirá un para poder celebrar a competición escolar en dita instalación.

D^a Sara García consulta se é posible substituír a entrega de trofeos na clasificación de equipos por premios en metálico ou material deportivo, respotaselle que non é posible dado que o impiden os regulamentos de competición

D^a Sara Penedo consulta acerca dos pases de quecemento para as competicións escolares nos niveis absoluto e máster. Infórmaselle que se terá en conta o nivel para establecer o número de pases dos grupos.